



REDEFINICIÓN DA POESÍA  
DE LAMAS CARVAJAL  
Á LUZ DA ESPECIFICIDADE  
DA LITERATURA GALEGA RENACENTE

María Pilar García Negro

**O. Limitación de xéneros,  
limitación activa  
da literatura**

Propómonos neste traballo revisar as categorías de xénero na concreción textual dun dos artífices do Primeiro Renacemento, Valentín Lamas Carvajal (1849-1906), e mais considerarmos a súa obra á luz dunha comentarista fundamental á altura, como foi dona Emilia Pardo Bazán. A análise da literatura galega do XIX padece aínda a aplicación mimética de taxonomías, clasificacións e divisións xenéricas procedentes doutras literaturas –nomeadamente, da española–, o que fai tantas veces inintelixíbel, ou dificilmente encaixábel, o texto, o produto literario analisado. Declárase o reinado da poesía como consubstancial ao *volkgeist* galego e a unha, por tanto, predisposición especial da lingua e mais da sensibilidade autorial para coa forma lírica, que marxinaría ou desprezaría (en termos arit-

méticos) outras modalidades literarias. Aplicando a estatística pura ou un elemental reconto cuantitativista, o reinado da poesía semella asegurado, face á narrativa ou ao teatro, que contarían cunha nómina de obras moito máis reducida. Do mesmo xeito, calidades e valores da poesía xerarquizaríanse sobre unha tabela axiolóxica que se correspondería cos admitidos canonicamente noutras literaturas, como sinal e aval da *boa* literatura. Popularismo, coloquialismo, prosaísmo... e unha outra variada restrá de *-ismos* caracterizarían esta poesía como trazos estilísticos peculiares face a outras cualidades da poesía *superior* que terían menor asociación coa lingua galega.

No segundo aspecto que tencionamos considerar, a limitación de xénero atinxiría tamén á literatura en si, isto é, a literatura galega estaría vocacionada única e exclusivamente para a *reproducción* do ambiente aldeán, nunha

**A análise da literatura galega do XIX padece aínda a aplicación mimética de taxonomías, clasificacións e divisións xenéricas procedentes doutras literaturas, o que fai tantas veces inintelixíbel, ou dificilmente encaixábel, o texto, o produto literario analisado.**

Valentín L. Carvajal

**Rosalía de Castro é a responsábel do nacemento da literatura galega contemporánea: ela foi a que, coa publicación do seu primeiro monumento, *Cantares gallegos* (1863), dá forma a un sentimento, a unha idea e a unha aspiración: a dignificación e a rehabilitación da patria galega a través da utilización da súa lingua como instrumento artístico e recipiente dunha cultura precisada de exhibición e difusión.**



sorte de pintura figurativa de curto voo ou de fotografía retratista: sería só, dito en termos semióticos, icono e non símbolo. Sería literatura *da terra*, no sentido máis primario e físico posible. Nesta conceptualización, cobra principalía a definición de dona Emilia Pardo Bazán, ao punto de que xulgamos fundamental, na incipiente canoización da literatura galega á altura do derradeiro cuartel do século XIX, a súa achega para fixar e solidificar un perfil, un retrato-robot da literatura galega, cuxos ecos e limitacións chegan aos nosos días. Esta literatura *xibarrizada* sería funcional non só á permissão fortemente limitativa da lingua en uso público, escrito, senón á propia concepción dunha Galiza metonimicamente constringida a ser só elemento peculiar, estilístico, da *grande* literatura, do sistema literario español.

Propómonos, xa que logo, desvendar ambas reducións e contextualizar, en concreto, a poesía de Lamas Carvajal nos termos en que ela se produciu e mais nas condicións de desenvolvemento e de emerxencia pública da lingua galega na segunda metade do século XIX.

### **1. A forma poética e/ou versificada como envoltorio multixenérico**

Non estará de máis repetirmos, por evidente que sexa, que Rosalía de Castro é a responsá-

bel do nacemento da literatura galega contemporánea: ela foi a que, coa publicación do seu primeiro monumento, *Cantares gallegos* (1863), dá forma a un sentimento, a unha idea e a unha aspiración: a dignificación e a rehabilitación da patria galega a través da utilización da súa lingua como instrumento artístico e recipiente dunha cultura precisada de exhibición e difusión. É, porén, preciso lembrarmos en que termos e con que trazos se produce esta restauración. Rosalía coloca á fronte daquela obra unha dedicatoria e un prólogo que son moito máis do que paratextos de carácter adxectivo. Na realidade, este segundo texto, o prólogo, é un ensaio inaugural e definidor da autora, da necesidade da literatura galega, da Galiza e a súa autodefensa; é, así mesmo, un manifesto e é, asemade, un programa, que mesmo coñece a



urxencia de que exista a vexetación antes de que a botánica a estude, isto é, a necesidade da letra literaria antes do que a letra gramatical. Canto á obra en si, e só en repaso sumario, encontramos: poesía lírica; poesía épica; narrativa en verso (“Conto de Vidal”); poesía dialogada, teatralizábel; monólogo interior... Estas mesmas modalidades, cunha formidable ampliación temático-estilística, ímolas rexistar en *Follas novas*, a obra capital da autora e, aínda, da literatura galega. Ensaio nas “Dúas palabras da autora” iniciais, de novo ensaio crucial para a comprensión non só do seu eu e do seu *locus* na literatura galega, senón explicación e interpretación do compromiso na literatura, *avant la lettre*, moitos anos antes de Sartre explicarnos o seu concepto da literatura *engagée* e do papel do intelectual na sociedade; lírica *pura*; narrativa-teatro (“¡A probiña, que está xorda!”); narrativa *tout court* (“Xan”); reflexión filosófica, moral ou relixiosa en verso...

A clave está en comprendermos como a forma poética é quen de cobrir, de albergar, modalidades literarias que serven para categorizar outros xéneros literarios e que atopan forma poética ou, simplemente, forma versificada por ser esta o vehículo máis a tergo na “conxunción de planetas” necesaria para o texto galego existir. Vexamos. A literatura galega renacente é filla de individuos sensíbeis, sen “exército” detrás”, sen clase social compacta que a apoie e difunda, sen clases dirixentes autóctonas, en suma; a forma poética é, por tanto, a óptima para a canalización desta aguda sensibilidade psicosocial. En segundo lugar, os poemas son publi-

cábeis, soltos, en prensa periódica ou, polo seu tamaño, en xornais de información xeral e regularmente escritos en español. En terceiro lugar, e moi acudadamente no caso de Lamas, o formato versual permite unha doada comunicación cun público moito máis preparado para ouvir do que para ler o texto escrito, téndonos en conta as elevadas taxas de analfabetismo que, daquela, caracterizaban a poboación galega.


Vaiamos agora ao noso cego-vidente, como a crítica (Eduardo Blanco Amor) o denominou. Examinemos a súa obra poética completa en galego<sup>1</sup>. Lamas estréase na lingua de noso con *Dez cartas ós gallegos* (1875), que son exactamente iso, cartas en verso rimado, cunha finalidade moito clara e directa: animar aos que a leren a acudirén á “Exposición Regional”, celebrada en Santiago de Compostela, do 20 ao 30 de Xullo de 1875 e aproveitar a ocasión para reduplicar a propaganda e a defensa de toda a potencia, de toda a capacidade económica e cultural galega. Nesta especie de “Alba de gloria”, Lamas vai institucionalizar a historia da Galiza, a súa “luz”, os seus pensadores, os seus xenios, os escritores da altura; vai denunciar novos intentos españolizadores e estrañadores, como o da erección dunha praza de touros en Compostela; vai dignificar a figura do labrego como prototipo da maioría social galega, como epónimo das clases traballadoras; vai, en fin, cantar a necesidade da ilustración e do progreso como curas aos males do país e conxura da escravitude en que o campo vivía. É *Espiñas, follas e frores*, nos seus dous “Ramíños” (1875-1876) a obra en que

**Canto á obra en si, e só en repaso sumario, encontramos: poesía lírica; poesía épica; narrativa en verso (“Conto de Vidal”); poesía dialogada, teatralizábel; monólogo interior...**

**A literatura galega renacente é filla de individuos sensíbeis, sen “exército” detrás”, sen clase social compacta que a apoie e difunda, sen clases dirixentes autóctonas, en suma; a forma poética é, por tanto, a óptima para a canalización desta aguda sensibilidade psicosocial.**

1. Vid. LAMAS CARVAJAL, Valentín: *Poesía galega*. Edición crítica e Introducción de María Pilar García Negro, Edicións do Castro, Sada-A Coruña, 1998

Valentín L. Carvajal



**Lamas estréase na lingua de noso con *Dez cartas ós gallegos* (1875), que son exactamente iso, cartas en verso rimado, cunha finalidade moito clara e directa: animar aos que a leren a acudir en á "Exposición Regional", celebrada en Santiago de Compostela, e aproveitar a ocasión para reduplicar a propaganda e a defensa de toda a potencia, de toda a capacidade económica e cultural galega.**

se verifica a pasaxe do Lamas xornalista-propagadista-axitador (panfletario, na acepción non pexorativa do século XIX) ao Lamas poeta lírico, en varias vertentes e, de novo, coa poesía como envoltorio doutros xéneros: a defensa da lingua; a sentimentalidade dolorida dos elementos máis vulnerábeis da sociedade: a nai do fillo emigrado ou en servizo obrigado "al Rey"; o laio polo fillo falecido; as fazañas-monumentos do pasado, que acreditan unha historia heroica e gloriosa; a reivindicación permanente do popular; os vultos sobresalientes da nosa tradición; en fin, crónica, poesía dialogada-dramatizábel; narrativa en verso...: léanse con atención os poemas deste volume e de todas estas modalidades atoparanse mostras significativas.

*Saudades gallegas* (1880) marca a madurez do poeta; publicado no ecuador da súa vida e no ano denominado por Ricardo Carvalho Calero *annus*

*mirabilis* da nosa literatura (publicación de *Follas novas*, de *Aires da miña terra*, de *Majina ou a filla espúrea* e das *Saudades...* de Lamas), representa unha síntese cualitativamente chamativa dos seus temas recorrentes. O ton optimista e animoso de antano cede paso a unha tonalidade máis resignada, máis pesimista, como non podía ser menos ("...as cousas teñen de ser como as fan as circunstancias": Rosalía *dixit*) nun contexto temporal en que se derrubaran as esperanzas da Revolución de 1868, da efémera República e se abrira paso o vello modelo da Restauración, sen que a Galiza mellorase -antes ben, apiorase notoriamente- a súa situación colectiva e as expectativas de cambiar a súa condición no cadro estatal. O predominio lírico non impede máis unha vez a narrativa en verso ("O demo i a nai") ou a denuncia directa ("Xan de Pitelos en Compostela"). En concreto, "O demo i a nai" é, nas súas cinco partes, unha micronovela, con descrición, narración, diálogo e mais as tres partes clásicas do xénero: plantexamento, desenvolvemento e desenlace.

*A musa das aldeas* (1890) é o derradeiro libro de poemas en galego publicado polo autor e o seu testamento poético. O desengano e a mágoa son as súas notas características. O turnismo típico da política da Restauración non trouxera nengún ben para o país; os servizos xornalísticos de Lamas a Vicente Pérez, o representante liberal na provincia, acabarán por se converteren en forte detracción; denuncias e multas do Gobernador Civil torpedean o mantemento dun baluarte xornalístico independente e dun meio de vida estábel... Lamas, ao igual que o seu *fillo*, o tío Marcos da Portela, declara que non casa con ninguén. De novo se van



lamentar as consecuencias nefastas do atraso, da superstición, da vida penosa dos “escravos q ue levan o nome de libres”. Máis unha vez, tamén, encontraremos varias modalidades xenéricas sob o envoltorio da poesía ou do verso (“O gaiteiro de Paizás”, “Secuencias do viño” e *passim*).


## 2. A reformulación dos -ismos

Ruralismo, costumismo, folklorismo, “aldeanismo”... teñen sido categorías reiteradamente aplicadas á caracterización da poesía lamasiana. Fóra de toda rutina e de todo tópico, consideremos algúns dados básicos. Á altura do censo oficial de 1787, a poboación “urbana” da Galiza, dun total de 1.345.803 habitantes e téndomos en conta a das seguintes localidades: Santiago de Compostela, A Coruña, Betanzos, Lugo, Mondoñedo, Ourense, Tui, Ferrol, Pontevedra, Vigo, Marín e Padrón, representaba o 646% do total. No ano en que nace Lamas (1849), Ourense conta cun censo de oitocentos viciños. Con esta fotografía xeodemográfica, e a súa correspondente morfoloxía económica e social, ¿cabe falar sensatamente dunha óptica enfermizamente envorcada no agro, no rural, no labrego... ou será cuestión, dunha vez por todas, de falarmos de literatura-poesía realista, sociolóxica, documental ou, aínda, de *docudramas* que a realidade ambiental certificaba unha e outra vez? A beta elexiaca provocada pola marcha dos mozos ao servizo militar ou á emigración ¿será hipertrofia sentimental do poeta ou realidade sangrante

dun período especialmente penoso da historia galega? ¿Cómo se compadece o suposto tradicionalismo de Lamas coa súa defensa constante da ilustración e da necesidade de instrumentar de vez remedios políticos para a erradicación de doenzas curábeis, como para o recoñecemento das virtudes e dos valores galegos e populares, con vista ao seu aproveitamento colectivo?

Concordamos totalmente con Eduardo Blanco Amor cando sentencia que na xustipreciación da obra de Lamas Carvajal “houbo de todo menos esforzo e finura”<sup>2</sup>. Defíneo politicamente como un demócrata do século XIX e psicolóxicamente un reprimido home de revolta. Con efecto, Lamas vai ser, no noso xuízo, pioneiro do agrarismo que coñecen os primeiros anos do século XX, xusto cando el morre (a derradeira carta que dita, na véspera da súa morte, vaina dirixir a Basilio Álvarez); será, pois, o seu profeta.


Nada ten a ver, de por parte, o “costumbrismo” español (de onde se traduce o equivalente lexical, que non semántico, do galego) dos Mesonero Romanos ou Bretón de los Herreros (contraponto estilístico da emerxente sociedade burguesa) con esta literatura galega renacente e, dentro dela, coa poesía



**É Espiñas, follas e frores, nos seus dous “Ramiños” (1875-1876) a obra en que se verifica a pasaxe do Lamas xornalista-propagadista-axitador ao Lamas poeta lírico.**

2. Vid. BLANCO AMOR, Eduardo: “Apuntes carvaxalianos” (III), *La Región*, 30 de Maio de 1972

Valentín L. Carvajal



**Saudades gallegas  
marca a madureza  
do poeta; publicado  
no ecuador da  
súa vida e no ano  
denominado por  
Ricardo Carvalho  
Calero *annus  
mirabilis* da  
nosa literatura,  
representa  
unha síntese  
cualitativamente  
chamativa dos seus  
temas recorrentes.**

### 3. O poeta “femenil” (Pardo Bazán)

No volume *De mi terra* (1888), en que dona Emilia Pardo Bazán recom-pila diversos traballos ou discursos sobre temas galegos, a Condesa titula “El olor de la tierra” o dedicado ao noso poeta. Razóns de espazo e características deste artigo non nos permiten espraianos nun tema e hipótese fascinantes: o papel central da escritora na (pseudo)canonización da literatura galega do Primeiro Renacemento e o seu contributo esencial para unha especialización e unha redución que non se compadecen en absoluto coa súa produ-

ción textual, coa súa intención, coa súa finalidade, co seu significado e coa súa transcendencia. No cadro da literatura *desexábel* e, sobre de todo, admisíbel, que Pardo Bazán debuxa, ocupa lugar principal o noso poeta. A escritora clama por un “cerebro infantil, primitivo, un cerebro labriego, un alma en contacto con aquela terra que tan fecundas emanaciones lanza de sus entrañas siempre vírgenes!”<sup>3</sup>. A novelista lembra cariñosamente musa como a de Lamas, na súa opinión “tan aldeana, tan simpática, tan genuina”, en liña cunha alma “femenil, resignada y *saudosa*”, por tanto, óptima para reproducir os sentimentos dos campesinos e as súas íntimas que-re-las e preocupacións. A poesía do ouren-sano sería así tan arcedente e natural como o cheiro da terra recién aberta, da exuberante vexetación galega, fresca e primitiva como ela, familiar como as corredoiras, a alborada, a ribeirana... ou calquer outro efluvio que para nada pre-cisa de artes poéticas nen de artificios da literatura culta, da literatura-*verité*.

Ela, esta outra sub-literatura, tan *riquíña* e, por veces, consoladora das dores de cabeza que causa a literatura *seria*, é o perfecto contraste estilístico non só desta, no dialecto que debe seguir a existir como tal, senón o leni-tivo para os excesos da vida urbana e da civilización propiamente dita.

Sinalemos só, á vista da elocuencia e rotundidade das posicións da Condesa, “española rabiosa”, segundo propia con-fisión, a lóxica secuencial das mesmas:

3. Vid. PARDO BAZÁN, Emilia: *De mi tierra*, Edicións Xerais, Vigo, 1984, p. 53. É fundamental ler antes do traballo dedicado a Lamas o discurso que dona Emilia profere no Círculo de Artesanos, da Coruña, no 2 de Setembro de 1885, dedicado teoricamente a honrar a memoria de Rosalía de Castro e en que a autora desenvolve con toda clareza as súas ideas sobre a natureza da literatura galega e sobre o perigo que pode representar como “germen de separatismo”. Vid., tamén, GARCÍA NEGRO, M. P.: “Pardo Bazán: feminismo, espírito de clase, moralismo”, *La Tribuna*, Cadernos de Estudos da Casa Museo Emilia Pardo Bazán, Real Academia Galega, 2005.



TERRA----MULLER----NATUREZA----  
-CEREBRO SIMPLE----SENTIMENTO  
ELEMENTAR, INXENUIDADE, GRAZA,  
SIMPATÍA, PICARDÍA----DIALECTO.

Que a poesía, e a literatura toda, de Lamas, así contempladas, revelan unha cegueira moito superior á física que o escritor padeceu desde a súa xuventude coidamos que non precisa maior explicación, ben que o tema, apaixonante, como dixemos, enunciámolo brevemente e será obxecto de ulteriores traballos que abordaremos monograficamente.

### A xeito de conclusión

1. A literatura galega do XIX cómpre lela desde as súas propias condicións xenéticas, históricas e contextuais. O abano xenérico é, sob formato poético-versual, moito máis amplo do que a estreita definición de poesía contempla.
2. Lamas é escritor multixenérico, tanto en verso como en prosa. A súa función principal é a conativa, isto é, a conquistista e concienciación dun público leitor-ouvinte.
3. Vive da escrita, fai da prensa o seu (difícil) medio de vida. Na inmensa parte da súa produción, non é un escritor que escriba, senón un escritor que dita a un amanuense (a súa muller, un fillo, algún colaborador...) a súa obra ou correspondencia, circunstancia non menor á hora de vulgarmos calidades e características da mesma.
4. Calidades que non se han de avaliar conforme a un patrón abstracto ou estático. Hai prosa poética, hai poesía *pura*, hai narrativa ou diálogo teatral en



verso, hai versos sen poesía, hai crónicas ou panfletos versificados, etc.

5. O retrato que de Lamas realiza unha voz privilexiada e *pontifical* como a de Pardo Bazán reduce, xibarizándoa, a *imago* do escritor, tanto como a da literatura galega no seu conxunto e, metonimicamente, a da Galiza toda, paraíso natural que a Condessa olla, en afortunada síntese de Vicente Risco<sup>4</sup>, como turista e como propietaria. Desfigura, en definitiva, reducíndoa de produto cultural e político a produto natural, a poesía de Lamas e marca os, para ela desexábeis e aceptábeis, límites da literatura galega renacente.

**No volume De mi terra, en que dona Emilia Pardo Bazán recompila diversos traballos ou discursos sobre temas galegos, a Condessa titula "El olor de la tierra" o dedicado ao noso poeta.**

4. Vid. recensión anónima (mais, con toda certeza, do director literario da revista) de *Cuentos de la tierra*, da Condessa, en *Nós*, núm. 12, 25-VIII-1922.



**MODESTO HERMIDA**

Vales de Cea-Ourense, 1946

Doutor en Filoloxía Románica e profesor titular de Escola Universitaria na Universidade de Santiago. Como investigador tense centrado, fundamentalmente, en estudos de historia literaria. Neste labor, ademais de diversos artigos, publicou *As revistas literarias en Galicia na Segunda República*.

Como analista de textos literarios, exerce a crítica literaria en diversos medios e publicou *Castelao e "Os dous de sempre"* e unha edición anotada da novela de Ramón Valenzuela Otero *Non agardei por ninguén*.

Entre os traballos de tipo didáctico, ademais de diversos libros de texto, destacan os volumes *Castelao para nenos* e *A prensa en galego*.